



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Faise público que por acordalo así a Xunta de Goberno Local en sesión de data 25 de outubro de 2018 (Expte nº 1211/2018), aprobouse o PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE BECERREÁ o cal foi publicado no BOP de Lugo nº215 de 18 de setembro e se atopa para a súa consulta pública na seguinte dirección: <http://concellodebecerrea.sedelectronica.gal>.

Contra dito acordo que pon fin á vía administrativa, podese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que o dictou, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da publicación da presente de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que puidese estimarse máis conveniente.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Becerreá, 17 de outubro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3138

CERVO

Anuncio

Aprobado inicialmente o expediente de cesión gratuíta do ben inmovible Parcela 165 do Polígono Industrial de Cuíña a favor de Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia, por Acordo do Pleno de data 10 de outubro de 2019, de conformidade cos artigos artigo 110.1.f) do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado polo Real Decreto 1372/1986, de 26 de novembro e do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sométese a información pública polo prazo de vinte días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio neste *Boletín Oficial da Provincia*.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [dirección <https://cervo.sedelectronica.es>]

Cervo, 17 de outubro de 2019.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 3139

A FONSAGRADA

Anuncio

Padróns de auga, lixo e sumidoiros correspondentes ao cuarto bimestre do ano 2019

Visto os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 4º bimestre do ano 2019, a Xunta do Goberno Local do Concello da Fonsagrada, na sesión celebrada o día 15 de outubro de 2019,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aprobar os padróns da taxa polos servizos de abastecemento e distribución de auga, sumidoiro e recollida de lixo correspondentes ao 4º bimestre do ano 2019.

SEGUNDO.- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edito no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, por un prazo de 15 días dende a publicación. Esta exposición actúa como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 38/2003, de 17 de decembro, Xeral tributaria.

TERCEIRO.- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edito no BOP. Contra a desestimación do recurso poderase interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo de Lugo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución expresa ou de 6 meses dende que se produza a desestimación presunta. Todo o anterior, sen prexuízo do dereito de interpoñer calquera outro recurso que o interesado estime conveniente.

CUARTO.- O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 16.10.2019 ao 16.12.2019, para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seranlles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico - administrativa ante o órgano económico - administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 16 de outubro de 2019.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3140

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 16.10.2019, aprobouse o padrón fiscal correspondente ao mes de setembro de 2019 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 9.607,66 € e Programa Básico de Axuda no Fogar por un importe de 643,20€.

Exposición: O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP.

Recursos: Durante o período de exposición pública os interesados poderán examinalo e formular, contra o acto que se notifique perante a Xunta de Goberno Local, o recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no PRAZO DUN MES contado dende o día seguinte ao de finalización do devandito período de exposición pública do Padrón Fiscal. Contra a resolución recaída no recurso administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar dende o día seguinte ao da presentación do desestimado, con efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. Nembargantes, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Carga de recibos domiciliados: Os recibos correspondentes a esta cobranza que figuren correctamente domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades de depósito para que sexan endebedados nas contas dos seus clientes.

O que se anuncia e se fai público para xeral coñecemento do presente ANUNCIO que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación e 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 16 de outubro de 2019.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3141

LOURENZÁ**Anuncio**

CONVOCATORIA DO POSTO DE XUIZ DE PAZ TITULAR.

De conformidade coas instrucións da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia trala reunión de 4 de outubro do 2019, atopándose próximo ó seu vencemento o período de catro anos polo que se nomeou ó Xuíz de Paz titular, polo presente anuncio procédese á apertura de prazo para a presentación de solicitudes para Xuíz de Paz titular de Lourenzá.

As persoas que reúnan as condicións establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial de 1 de xullo de 1.985 poden presentar solicitude para a provisión do posto de Xuíz de Paz titular.

A solicitude será facilitada nas Oficinas Municipais debéndose unir á mesma, a documentación seguinte:

- a).- Fotocopia do D.N.I.
- b).- Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- c).- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria na que se faga referencia ó artigo 2.1. da Lei 68/80 referida a non atoparse inculpado ou procesado.
- d).- Declaración xurada subscrita polo interesado de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade para o exercicio das funcións propias do cargo.

A solicitude e a documentación mencionada presentarase nas Oficinas Municipais no prazo dun mes contado dende o seguinte o da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Lourenzá, 17 de outubro de 2019.- A ALCALDESA, Rocío López García.

R. 3146

RIBAS DE SIL

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN DE CRÉDITO

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 10.10.2019 acordou a aprobación inicial del expediente de modificación de créditos financiados con cargo ao remanente líquido de Tesouraría **resultante da liquidación do exercicio anterior cara a cobertura dos fondos propios a aportar no proxecto de INSTALACIÓN DOS BUNGALOWS PARA CREACIÓN DE XEOCAMPING EN RIBAS DE SIL**, co seguinte resumo por capítulos:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación	Descrición	Importe
432 627.02	PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN DE CAMPAMENTO DE TURISMO DE SEGUNDA CATEGORÍA EN RIBAS DE SIL (LUGO)	371.342,20 €

Alta en concepto de ingresos

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das

Aplicación: económica	Descrición	Euros
870	RLTesourería	371.342,20 €

Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Ribas de Sil, 18 de outubro de 2019.- O alcalde, Miguel Ángel Sotuela Vega.

R. 3147

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria celebrada o día 07 de outubro de 2019, prestou aprobación inicial do **PADRÓN POR SUBMINISTRO DE AGUA A DOMICILIO ASÍ COMO AS TAXAS CORRESPONDENTES Ó CANON DA AUGA E RECOLLIDA DE LIXO DO 3º TRIMESTRE DE 2019**.

O dito Padrón expónse ó público nas oficinas municipais por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e reclamacións, e entenderase definitivamente aprobado de non presentarse reclamación algunha contra el.

ANUNCIO DE COBRANZA.

Fíxanse os períodos de cobranza en voluntaria dende o día 01 de novembro de 2019 ó día 31 de decembro de 2019, ámbolos dous inclusive, vencidos ditos prazos, pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, no correspondente período voluntario, data na que deberán ter saldo suficiente.

O resto dos contribuíntes deberán acudir á oficina de **ABANCA ou BANCO SANTANDER**, en días laborais, de luns a venres, de 8:30 a 14:00 horas presentando o documento de ingreso que, a tal efecto, se facilitará nas Oficinas do Concello.

O presente anuncio, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza, ten a natureza de notificación colectiva de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

CANON DA AUGA: A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación. Do mesmo xeito, ditas obrigas deben entenderse tamén referidas ao coeficiente de vertedura en virtude do establecido no artigo 71 do Decreto 136/2012.

Ribeira de Piquín, 09 de outubro de 2019.- O Alcalde, Roberto Fernández Rico.

R. 3143

VIVEIRO

Con data de 17 de outubro do 2019, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal :

Tributo	Exercicio	Importe
Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (terrazas ano 2019)	2019	40.262,94,-€

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvise no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **30 de outubro de 2019** ata o **30 de decembro de 2019**, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 15 de decembro de 2017 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e

abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciaráse o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 17 de outubro de 2019.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 3145

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

Dado que o Concello de **MURAS (LUGO)** non elixiu xuíz de paz **SUSTITUTO** para a dita localidade, realízase unha convocatoria para que, no prazo de 15 días computados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, todos cantos teñan interese en acceder ó devandito cargo dirixan unha instancia á presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na Coruña facendo constar o seguinte:

1º) Nome, apelidos, DNI (fotocopia), idade e enderezo.

2º) Se desenvolveron o cargo de xuíz de paz, e se o fixeron como titular ou como substituto.

3º) Méritos que estimen oportunos.

4º) Profesión actual.

Todo isto faise público, en cumprimento do acordo da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para coñecemento de todos os interesados en solicitar a praza antedita.

A Coruña, 11 de outubro de 2019.- A SECRETARIA DE GOBERNO, Concepción Otero Piñeiro.

R. 3144
